



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, E A ASOCIACIÓN DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E DO CONSUMIDOR (ADEAC) PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA BANDEIRA AZUL 2018 EN GALICIA

(1) Esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de conservación, protección, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, divulgación dos valores do patrimonio natural, xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural e promoción e defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen de acordo co Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o desenvolvemento sostible do turismo e unha xestión ambiental no conxunto do litoral, o que conleva a unha conservación das áreas naturais litorais.

(2) Antecedentes: A campaña Bandeira Azul para praias desenvólvese por unha organización non gobernamental, sen ánimo de lucro, a “Fundación para a Educación Ambiental (FEE)”. Esta campaña comeza en Francia no ano 1985, e esténdese en Europa dende 1987. Posteriormente difundíuse máis aló do continente europeo cando, a partir do ano 2001, se une Sudáfrica. Actualmente, uns 40 países en catro continentes participan en Bandeira Azul. A campaña esforzase en promover o desenvolvemento sostible das zonas litorais, a través da esixencia duns estándares elevados en calidade das augas de baño, a seguridade, a xestión ambiental e a educación para a sostibilidade.

A Fundación para a Educación Ambiental (FEE) está constituída por unhas 40 ONG (Organizacións Non Governamentais ou agrupacións destas), unha por cada estado participante. ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor), formalizada legalmente en 1984, é o membro fundador e responsable para España da FEE.

A campaña Bandeira Azul é convocada anualmente por esta organización, participando a Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1987 ininterrompidamente.

(3) Finalidade: para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con ADEAC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende a campaña para o ano 2018, e en todo caso ata o 31 de outubro de 2018.

(4) O convenio ten por obxecto o desenvolvemento da Campaña Bandeira Azul 2018 en Galicia.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Segundo declaración expresa do Presidente da FEE, de febreiro de 2015, ADEAC é o seu único membro representante en España. Por iso ADEAC é a única entidade legalmente autorizada para desenvolver Programas Internacionais da FEE en España (Bandeira Azul, Ecoescolas, Mozos Reporteiros para o Medio Ambiente, Bosques na Escola e a Chave Verde).





Estes programas desenvólvense a nivel internacional co apoio e/ou en cooperación con dúas axencias das Nacións Unidas: PNUMA_UNEP (Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente) e a UNWTO (Organización Mundial do Turismo), así como un amplo apoio dos gobernos, rexións e concellos implicados.

A súa satisfacción polo desenvolvemento da Campaña Bandeira Azul 2017 en España e especialmente en Galicia, que supuxo que 113 praias, 15 centros, 18 portos e 26 sendeiros foran galardoados, apuntando un aumento significativo dende 1987 pese ao endurecemento dos criterios de concesión.

A reafirmación da idoneidade da Campaña Bandeira Azul, non só na difusión exterior dos esforzos realizados polas comunidades autónomas e municipios litorais, así como pola Administración do Estado español na mellora das nosas praias e os seus ámbitos, senón da potenciación dun concepto de turismo ligado a un desenvolvemento sostido e conservación responsable da natureza.

ADEAC desenvolve a Campaña, dende o seu inicio en 1987, de forma desinteresada en Galicia, sen contraprestación algunha por parte dos municipios participantes e/o galardoados na comunidade autónoma Galega. O aumento do número de municipios participantes e/o galardoados na comunidade autónoma Galega, o aumento do número de municipios implicados, a análise e seguimento do crecente número de solicitudes, así como o crecente volume dos materiais distribuídos e das accións complementarias desenvolvidas, esixen unha dedicación cada vez maior de medios humanos, instrumentais e económicos, que supera as previsións iniciais e esixe unha reflexión e corresponsabilidade sobre a súa evolución futura, máxime tendo en conta que se trata dunha organización sen ánimo de lucro.

Entre as competencias de ADEAC están a realización de actividades dirixidas á información, educación e concienciación medioambiental da poboación, e en particular, o desenvolvemento de campañas como Bandeira Azul de Europa en España, esforzándose a campaña Bandeira Azul en promover o desenvolvemento sostible das zonas litorais, a través da esixencia duns estándares elevados na calidade das augas de baño; a seguridade, servizos e instalacións; a xestión ambiental e a información e educación para a sostibilidade.

Por todo iso, o obxectivo final do galardón Bandeira Azul, a medio prazo, é conseguir un desenvolvemento sostible do turismo e unha xestión ambiental no conxunto do litoral, o que conleva a unha conservación das áreas naturais litorais.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 40.000,00 € (Corenta mil euros), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 (fondos propios).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, E
ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de Patrimonio Natural

galicia

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural

Ana María Díaz López

